

## **SUPOSTO PRÁCTICO**

A Escola Infantil na que desenvolves o teu posto de traballo como Auxiliar Puericultura dispón de catro unidades: unha de 0 a 1 anos, dúas de 1 a 2 anos e dúas de 2 a 3 anos. Case a totalidade das familias usa como primeira lingua o galego, aínda que tamén hai unha nena, Aisha, cunha lingua materna diferente do galego e do castelán. Neste curso tamén temos a Xabier de dous anos, que presenta un leve retraso psicomotriz.

A programación das actividades educativas da Escola ten como eixo fundamental o traballo en equipo. O principal recurso metodolóxico é o traballo por proxectos, desenrolando metodoloxías activas e globalizadoras, que favorecen o aprendizaxe significativo no proceso de ensinanza-aprendizaxe dos nenos e nenas.

No presente curso estás a cargo da aula de 1 a 2 anos de idade. con 13 nenos/as, dos cales 8 xa estaban escolarizados no curso anterior e 5 son de nova incorporación.

### **1. Segundo os datos que se mostran no enunciado deste suposto, qué número máximo de nenos/as podería acoller esta escola?**

- a) 74 nenas e nenos como máximo.
- b) 72 nenas e nenos como máximo.
- c) 70 nenas e nenos como máximo.
- d) 71 nenas e nenos como máximo.

### **2. Ao comenzo do curso terás que planificar as rutinas diarias. Para elo, terás en conta os seguintes criterios:**

- a) As rutinas xogan un papel moi importante no contexto no que os nenos/as se moven.
- b) As rutinas proporcionan seguridade e autonomía aos nenos/as.
- c) As rutinas son hábitos que os nenos/as deben adquirir soamente na casa.
- d) son verdadeiras "a" e "b".

**3. André, un neno de novo ingreso de 13 meses de idade, leva sempre con él un xoguete da casa. Como educador/a da aula, deberás decidir si é axeitado ou non que o traia:**

- a) Non, porque na propia escola dispónse de material lúdico suficiente para todos os nenos e nenas.
- b) Non, porque é un indicador de que o neno presenta algunha deficiencia en relación coas figuras de apego.
- c) Sí, porque lle serve como apoio afectivo no seu proceso de adaptación ao centro.
- d) Si, e sería moi doado que o tivera na aula durante todo o curso.

**4. Aisha acaba de incorporarse á Escola; favoreceremos a súa socialización do seguinte xeito:**

- a) Falándolle únicamente en castelán.
- b) Falándolle únicamente en galego.
- c) Non falándolle e comunicándonos con ela por medio de sinais e xestos.
- d) Falándolle en galego de maneira normalizada e facendo uso de palabras no seu idioma para indicarlle as diferentes maneiras de nomear ás cousas.

**5. O momento do comedor propicia gran cantidade de adquisicións: hábitos, destrezas, actitudes..... Algunhas delas son:**

- a) Motrices.
- b) Sensoriais.
- c) Lingüísticas.
- d) Todas son correctas.

**6. Plantexamos no grupo exercicios como:**

**Producir sons e ruidos (ou poñer música). Mentres os nenos/as están percibíndoos evolucionan polo espacio libremente, correndo e saltando. Ao facerse o silencio deberán deterse e deitarse no chan, cada un no lugar no que se encontre.**

- a) Son axeitados para a educación sensorial de calquera idade
- b) Son axeitados para a aula de 2-3 anos.
- c) Carecen por completo de interese educativo.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

**7. O xogo heurístico, actividade ideada pola pedagoga Elinor Goldschmied, consiste na exploración de diversos obxectos de uso cotidiá. Divídese en dúas partes: exploración e recollida. En cál delas ás nenas e os nenos realizan clasificacións?**

- a) Na exploración.
- b) Na recollida.
- c) Tanto na exploración coma na recollida.
- d) Neste xogo non se realizan clasificacións de ningún tipo.

**8. Para traballar as cores co teu grupo de nenos/as de 1 a 2 anos, sinala a opción correcta:**

- a) Debes dar liberdade no uso das cores.
- b) Debes dar ás/aos nenas/os pautas ben ordenadas e ben concretas.
- c) Na aula de 1 a 2 anos non se traballan as cores.
- d) É moi importante facer corresponder as cores dos debuxos coas cores reais para promover un correcto proceso de aprendizaxe.

**9. Na Escola decídese renovar parte dos xoguetes por estar moi deteriorados. Qué requisitos deben cumprir para seren apropiados?**

- a) Deben ser lavables.
- b) Non deben conter pezas pequenas.
- c) Deben ser non tóxicos, de fácil mantemento, boa calidade, axeitados ás idades dos nenos e que sirvan de apoio ao educador/a para conseguir un bo desenvolvemento das capacidades dos nenos e nenas.
- d) Todas as respostas son correctas.

**10. Ante a necesidade de reagrupamento ocasional dos grupos, no caso de non existir demanda suficiente para formar un ou varios grupos do mesmo nivel de idade, segundo o Decreto 329/2005 de 28 de Xullo , polo que se regulan os Centros de menores e de atención á infancia, os/as nenos/as podrán ser agrupados conforme á seguinte proporción:**

- a) grupos formados por nenos/as de ata 2 anos de idade: 1/15
- b) grupos formados por nenos/as de idades comprendidas no tramo de 0 a 3 anos: 1/20.
- c) grupos formados por nenos/as de idades comprendidas no tramo de 0 a 3 anos: 1/15.
- d) ningunha resposta é correcta.

## **RESPOSTAS CORRECTAS**

1-a

2-d

3-c

4-d

5-d

6-b

7-c

8-a

9-d

10-c

